

Berta Dávila e Alvin Pang

Seareiras da volta ao cole, poetas antioutonizos, dispostas a renovar os votos da poesía un ciclo máis, benintencionados de principio de curso, primeirizos ben achados, tímidas de 'probar a ver', deprimidos postvacacionais na procura de consolo poético, abonadas a tanta programación cultural non sexa de pago, vates en crise, lectoras inspiradas, orientalistas, seguidoras de Emma Olsen, amigos de toda a vida, usuarias do centro Ágora, veciños do Agra do Orzán, coruñesas, visitantes, amigos e amigas

Benvidos á luminosa inauguración da sexta edición de POETAS DI(N)VERSOS, cuarto ano consecutivo dende que se instalase no Ágora e acadase un ámbito internacional

A única cita regular coas mellores voces poéticas locais e internacionais que se mantén en toda España. A Coruña é a única cidade española que recibe cada mes un gran nome da poesía do mundo, iso a carón dos sobranceiros autores e autoras de noso: colocalos sobre as mesmas táboas significa tamén sabelos a altura semellante. POETAS DI(N)VERSOS pon en valor o propio mentres abre os ouvidos cara todo o que se fai no exterior.

Tal vez por todo iso é que debo anunciar que hoxe non somos aquí enriba tres: somos catro

Por se chegastes un chisquiño tarde á nova: este ciclo de lecturas poéticas vén de levar hai pouco máis dunha semana o Premio da Crítica de Galicia na categoría de Iniciativas Culturais, inseríndose nunha nómina que –dende 1978– ten distinguido proxectos coma o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto da Lingua Galega, a revista Grial, a Nova Escola Galega, Semana Galega de Filosofía, a Fundación Pedrón de Ouro, o Festival de Cans ou o Culturgal.

A carón de outros dous nominados de altísimo nivel –e non moito menos coruñeses: caso da revista Luzes de Galicia e de Viñetas dende o Atlántico– é xusto dicir que este recoñecemento se debe a unha parte absolutamente crucial neste ciclo: precisamente vós, as que facedes que un xénero prexuzosamente tildado de minoritario se respalde cada mes con este entusiasmo, tamén con esta esixencia crítica e intelixente, con esta sensibilidade e con este agarimo. Así que, xa que isto é voso, gustaríame que o primeiro recoñecemento e o primeiro aplauso fose xustamente para vós

Quero tamén aproveitar este momento feliz co que acendemos, mellor ca nunca, a chispa que moverá o motor de todo este curso, para dar por suposto as grazas á concellería de cultura que botou a andar este proxecto e á concellería de cultura que fai posible que este ciclo siga en marcha, que nunca aplicou recorte ningún nun proxecto xa de por si humilde pero grande, e que confía plenamente no noso criterio; grazas a Begoña Llamosas, polo seu tesón e a súa resistencia infatigable, ao persoal técnico do Ágora, ás Bibliotecas Municipais da Coruña, a Clara Porta e a aqueles/as que colaboran dalgún xeito neste ciclo.

Pero como aquí non vivimos dos aplausos senón do traballo, poñámonos mans á obra. A formidable programación coa que encetamos o noso primeiro trimestre ábrese cun binomio sensacional. Dúas poéticas fundamente intimistas pero que xamais deixan de tender a man aos outros. Procura da verdade poética, nudez de artificios falaces, sensibilísima honestidade, conexión a un tempo co mundo e co eu. A S do 'soño' e do 'sentimento' marcóuselles na pel dende que naceron en Santiago e Singapur. Ela foi traducida ao xaponés e el a varias linguas europeas. Sepáranos os 15 anos que separan unha xeración, pero os dous están atravesados pola mesma fe na palabra.

Comezando por ela, naceu na capital galega en 1987 (aínda que só por unhas horas non o fixo en 1988) e formouse como mestra de escola, preocupada pola formación dos máis pequenos, fráxil flor da pedagogía. Medrou escoitando historias e iniciouse na literatura aínda sendo estudante da Universidade da Coruña, cun corpo baleirándose de palabras. Naqueles anos os cascallos da movida e o bravú, os días mozos e algúns ruidos lévana a adentrarse tamén na narrativa. Farao pola porta grande e segura: a do Premio Biblos de novela para novos/as narradores, tendo de titor nin máis nin menos que a Agustín Fernández Paz, bailando xuntos sobre unha tumba. Corría o ano 2008, e –sen deixar de lado os versos– fíxose co Avelina Valladares con todo o que naceu de Dentro. Alternando de novo coa prosa, en 2010 en varios relatos describiríanos a arte do fracaso, unha descrición que máis tarde verá a luz en castelán e en xaponés. Pero o ano de Berta Dávila vai ser claramente o 2013, o ano pasado: “O derradeiro libro de Emma Olsen” faise co premio de Narrativa Breve de Repsol e pouco despois convértea na gran triunfadora dos Premios da Edición, acadando o Ánxel Casal ao mellor libro de ficción e sendo distinguida como autora do ano pola Asociación Galega de Editores. Por se isto non fose abondo para un afortunado ano rematado en 13, un seu novo libro de poemas, “Raíz da fenda” sae á luz e axiña acada unha acollida fulgurante: recoñecido co Johán Carballeira de Poesía, esgota a súa primeira edición en poucas semanas e en só oito meses acada xa a terceira. Ademais, o poemario é recoñecido coma o mellor do ano polos seus colegas da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e acada tamén nin máis nin menos ca o Premio da Crítica Española. Público e crítica recoñecen o fondo, ás veces discreto e pouco aspavento mais dende logo firme e maduro traballo dunha autora moi moza pero que xa inscribe o seu nome na literatura galega. Inaugura –polo tanto- por todo o alto a sexta edición de POETAS DI(N)VERSOS a escritora Berta Dávila.

Moitísimas grazas Berta, e imos pasar agora a un autor chegado dende abondo máis lonxe do que Compostela. Alvin Pang naceu hai 42 anos na mesma cidade-estado na que hoxe vive, a República de Singapur, sesenta e tres illas para un só país. Entre as catro linguas oficiais do seu estado -mandarín, malaio, támil e inglés- escolleu esta última, e nela se desenvolve dende os

anos 90, converténdose nun dos autores máis activos e sobranceiros de Singapur. Dinamizador cultural e promotor literario inaccesible ao desalento, tense desempeñado como fundador e coordinador de festivais de poesía, profesor, columnista, editor e produtor literario online, webmaster e consultor de recursos en rede orientados ás letras. Cofundou e dirixe o Centro Literario de Singapur, plataforma non-gubernamental orientada ao desenvolvemento cultural e literario, multicultural e interdisciplinar, e serve en varios consellos de revistas e institutos de estudos poéticos en Australia e Singapur. Ten recibido distintas axudas e bolsas como escritor en residencia, e parte da súa obra ten aparecido tanto en publicacións especializadas de EEUU, Asia, Europa e Australia como sido traducida a máis de quince linguas distintas. Leal representante da puxante escena literaria do seu país, ten participado nun senfín de manifestacións literarias en América, Asia, Europa e Australia e como editor ten asinado un bo número de antoloxías e volumes colectivos, recollendo poesía urbana, compendiando a obra de poetas singapurenses, ou ben destes fronte a filipinos, italianos ou australianos. Licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade británica de York, foi bolseiro do prestixioso Programa de Escritura Creativa da Universidade de Iowa.

Artista Novo do Ano de Singapur en 2005, Premio Nacional das Artes e a Cultura en 2007, a súa obra poética sondou tanto o silencio como aquilo que nos dá os nosos nomes, visitou a cidade da chuvia, agardou a que chegasen os bárbaros e tamén moitas outras cousas. Os seus últimos títulos viron a luz no estranxeiro, ben no Reino Unido no seu idioma orixinal, ben en Croacia e en Eslovenia traducidos ás respectivas linguas balcánicas. Cunha poboación así e todo superior en número á galega, chega dende o país máis diminuto do sueste asiático e visita Galicia por primeira vez. Vai ser un gusto escoitar esta tarde a Alvin Pang.

Thank you very much Alvin for coming to Galicia and sharing your poetry with us, moitísimas grazas tamén Berta por conferir altura poética a esta sesión de apertura e de novo moitas grazas a vós, tamén a Óscar, a Ana Fernández, a Tatata Comunicación que nos volve sorprender e fascinar con esta volta de torca dunha bolboreta que se volve voces dialogadas, a todo o fantástico persoal do Ágora, á plataforma Galiciamóvese pola difusión e rexistro videográfico, e este ano unha vez máis continuando a nosa alianza coas librarías de barrio, á Librería Suévia, cabeza e antemural libreiro do barrio no que nos encontramos e que vos pode servir os títulos basicamente de Berta, xa que aínda agardaremos pola distribución das obras de Pang en España. Non vos cortedes en curiosear ou en achegarvos canda os poetas, que non morden.

Volveremos en menos dun mes, con dúas propostas máis performáticas que dotarán de corpo, voz e mesmo humor os versos do ceense David Creus e do peruano Peru Saizprez. Esperamos volver vervos entón o luns 17 de novembro, ata entón moitas grazas, e despedámonos de Alvin e mais de Berta con este forte forte aplauso.